

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS
SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 20 DE FEBREIRO DE 2026**

PRESIDENTE: Dona Paula Bouzós Barros

VOGAIS:

Don Juan Pablo Castillo Amigo
Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Don Ricardo Martínez Chantada
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Gorka Gómez Díaz
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Don Javier Iglesias Mougán
Dona María Manuela Rodríguez Pumar
Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo a doce horas e corenta e cinco minutos do día 20 de febreiro de 2026, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona Paula Bouzós Barros, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, coordinadora xeral do Centro Príncipe Felipe.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 23 DE XANEIRO DE 2026 (Expediente 2026003270)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2026.

2. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA CONSEGUIR AVANZAR EN IGUALDADE REAL E EFECTIVA FRONTE AO REARMAMENTO DO MACHISMO (Expediente 2026008143)

O Grupo Provincial do BNG presentou o día 16 de febreiro de 2026, co número de rexistro WEB2026009873, unha moción asinada pola deputada provincial do BNG, D^a. M^a Manuela Rodríguez Pumar, para o seu debate e votación no Pleno, co seguinte teor literal:

"Dona Manuela Rodríguez Pumar, deputada do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Deputación de Pontevedra, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da Corporación.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ás portas do 8 de marzo de 2026, data na que o feminismo sae ás rúas en homenaxe ás loitas feministas que nos antecederon e en reivindicación dunha vida en igualdade, especialmente no ámbito económico e laboral, desde o Grupo Provincial do BNG queremos insistir na necesidade de responder a un presente de rearmamento do machismo e avance dos totalitarismos con máis feminismo.

O mundo vive unha ofensiva de ameazas a dereitos elementais sexuais e reprodutivos ou a posta en cuestión da violencia machista. Ao mesmo tempo, atopámonos nun momento no que a situación das mulleres galegas, fronte ao relato imperante de "igualdade conseguida", está marcada por unha enorme desigualdade en moitos ámbitos, entre os que ás portas do 8 e do 10 de marzo cómpre remarcar o socioeconómico e laboral. Constatamos a ineficacia das políticas públicas e as consecuencias da concatenación de crises que vimos nos últimos tres lustros, tanto en termos de condicións da clase traballadora como na crise dos servizos públicos, cuxas consecuencias recaen de forma intensa e maioritaria nas mulleres.

Ademais, no ámbito dos municipios galegos, cómpre sinalar que a falta de compromisos da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado repercute negativamente no sostemento de servizos amplamente feminizados como o Servizo de Axuda no Fogar. Da mesma maneira, vemos as consecuencias negativas do avance privatizador do Partido Popular nos servizos públicos e, tamén, nos servizos especialmente dedicados á igualdade como son os CIM móbiles ou os centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual.

Así as cousas, no ámbito sociolaboral vemos tímidos avances nos indicadores que son en realidade un espellismo. Este é o caso, por exemplo, da leve redución da fenda salarial que, en realidade, explícase polo empeoramento das condicións laborais dos homes, non pola mellora da situación das mulleres. A realidade é que, ollando o período do 2009 ao presente ou tramos máis recentes, a situación laboral das galegas segue a ser desfavorábel. En especial, no que atinxe aos principais sectores de ocupación, ás condicións de traballo e á remuneración. Aínda que algúns dos indicadores observen unha lixeira mellora, a desigualdade persiste. Existe un maior número de mulleres desempregadas e inactivas que de homes, a taxa de actividade feminina segue por debaixo da masculina, na taxa de ocupación ocorre o mesmo e a taxa de desemprego feminina segue a ser maior que a masculina. É preciso tamén recordar o diferencial negativo en contra das mulleres galegas se facemos unha comparación co Estado e coa UE. As taxas de temporalidade femininas seguen a superar as masculinas e a temporalidade feminina é maior en Galiza que no Estado e outro aspecto a salientar é que se constata o protagonismo das mulleres nos peores indicadores de temporalidade e precariedade.

Aínda que habería moitos exemplos por debullar, cómpre ter en conta a interseccionalidade e como esta situación se agrava se temos en conta factores como a migración, a monoparentalidade ou a mocidade. É necesario sinalar a enorme desigualdade que reflicte o ámbito das pensións e a consolidación da feminización da pobreza, e que esta situación global de desigualdade ten unha



expresión especialmente agravada no rural galego, con peores indicadores económicos e falta de servizos públicos e políticas específicas.

Ao mesmo tempo, cómpre recordar que o período político máis recente estivo marcado por novas denuncias públicas de violencia machista en ámbitos como o político ou o cultural e que no pasado 2025 houbo un incremento de feminicidios sen ningunha actuación extraordinaria por parte dos poderes públicos.

Ante a complexidade desta situación é necesario incrementar os nosos esforzos e impulsar novas ferramentas políticas e institucionais para avanzar sen conformarse con que a desigualdade permaneza e os dereitos lexislados non sexan executados. Así mesmo, temos que reivindicar e recoñecer as mobilizacións do feminismo galego organizado, fundamentais na resposta ao machismo e no fortalecemento dunha axenda feminista galega que fai avanzar o noso país.

Con todo, e a pesares do incremento histórico de fondos de que dispón a Deputación de Pontevedra, o último orzamento deixou a porcentaxe destinada á área de Igualdade en mínimos históricos, apenas un 0,75%, sen sequera chegar aos 1,8 millóns de euros, fronte ao 1,17% do orzamento e os máis de 2,1 millóns de euros destinados en 2023 por parte do anterior goberno provincial. A sumar, as campañas realizadas ata o momento por parte do goberno provincial están a quedar diluídas e teñen escollido lemas certamente cuestionables, que reflexan que a área non é en absoluto prioritaria, cun apoio morno á loita feminista.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1. A Corporación da Deputación de Pontevedra reafirma o seu compromiso coa loita feminista e o apoio ás mobilizacións e reivindicacións do feminismo galego organizado neste 8 de marzo de 2026.*
- 2. Reclamar á Xunta de Galiza a promoción dun acordo de país para a creación do Instituto Galego das Mulleres como un organismo público que promova e fortaleza as políticas de igualdade de forma transversal en todos os ámbitos da vida social, económica, cultural e política de Galiza. Para tal fin, o Instituto contará con personalidade xurídica propia, orzamento propio, autonomía de xestión e plena capacidade de obrar para o exercicio das súas funcións e terá como obxectivo a promoción das condicións que promovan a igualdade e supriman todos os obstáculos que a impiden así como a eliminación de todas as formas de discriminación das mulleres en Galiza.*
- 3. Instar á Xunta de Galiza a impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimos de persoal e favorecer a*



contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

4. *Reclamar á Deputación de Pontevedra un incremento significativo dos fondos da área de Igualdade, de xeito que permitan incrementar as iniciativas e accións para a promoción da igualdade, tanto propias como de colectivos sociais e entidades locais da provincia, poñendo especial coidado á hora de deseñar campañas dignas por parte da institución provincial”.*

Sometida a votación a devantida moción, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (2)** do grupo provincial do BNG.
2. **Abstención (6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.
3. **En contra (9)** do grupo provincial do Partido Popular.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do BNG relativa a conseguir avanzar en igualdade real e efectiva fronte ao rearmamento do machismo, cos votos en contra das deputadas e deputados do Partido Popular, a abstención do grupo provincial do PSdeG-PSOE e os votos a favor do grupo provincial do BNG.

3. DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DE ADMISIÓN DE USUARIOS NA ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O CURSO 2026/2027 (Expediente 2026002096)

Dende a Dirección do Centro Príncipe Felipe elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, das bases reguladoras de admisión de usuarios na escola infantil 0-3 anos Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra para o curso 2025/2026 cuxo contido literal é o seguinte:

“A Deputación de Pontevedra é titular da escola infantil 0-3 Príncipe Felipe, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social co número E1340C002, a dita Escola cumpre os requisitos establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia e mais no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

A Escola Infantil presta un servizo educativo encamiñado ao desenvolvemento integral das persoas usuarias a través dunha atención integral dos nenos e das nenas, tanto nos aspectos educativos, nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación e no Decreto



330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, como nos aspectos de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario da escola, así como a xestión e a administración do centro baixo a coordinación da Deputación de Pontevedra. Este servizo responde tamén as necesidades das familias, contribuíndo á conciliación da vida laboral e persoal.

A prestación do dito servizo realízase de acordo coas modalidades previstas no artigo 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sendo a modalidade a de xestión indirecta, establecida a súa vez na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En cumprimento do previsto na citada LCSP, a Xunta de Goberno, na sesión do 5 de maio de 2023 adxudicou á Fundación de Estudos e Análises - FESAN (CIF: G-15597669) o contrato para a xestión do servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe. O contrato entrou en vigor o 1 de setembro de 2023 cunha duración de dous anos. No expediente de contratación, prevese a posibilidade de autorización de dúas prórrogas dunha duración dun ano cada unha delas.

Resultando que, a tipoloxía contractual establecida para a prestación deste servizo establece que é a Deputación de Pontevedra quen realiza a convocatoria anual de adxudicación de prazas e xestión da mesma en canto aos procedementos de novo ingreso e de renovación de praza, publicación de listas e resolución de reclamacións.

Vista a conformidade do deputado delegado de área e a coordinadora xeral do CPF (CSV: ZOJ8D49YV367TYKG), para o inicio da tramitación administrativa do expediente ao obxecto de aprobar as "Bases que regulan a admisión dos/das usuarios/as na Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe para o curso 2026/2027". Visto o informe favorable da xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe, emitido o 19 de xaneiro de 2026 (CSV: XSN07DUDOSU4G7T1), no que se expoñen os fundamentos xurídicos e técnicos para a aprobación das ditas bases e, o informe favorable (CSV: YFITR9LHNPWOG RTE), de data de 22 de xaneiro de 2026 de Intervención para aprobación das ditas bases.

Estas bases apróbanse por Resolución Presidencial nº 2026000718 de 28 de xaneiro de 2026 e posteriormente foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 21 de 2 de febreiro de 2026.

Ditas bases reguladoras quedan redactadas da seguinte forma:

"BASES ADMISIÓN DOS/DAS USUARIOS/AS NA ESCOLA INFANTIL 0 -3 ANOS PRÍNCIPE FELIPE PARA O CURSO 2026/2027"

A Deputación de Pontevedra é titular da escola infantil 0-3 Príncipe Felipe inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social co



número E134oCoo2. O réxime xurídico da actividade establécese no Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 77, de data 19 de abril de 2024 e articulado como un conxunto de normas que regulan o funcionamento da Escola e das actividades e servizos que se prestan, garantindo a convivencia do mesmo e procurando cumprir cos obxectivos fixados.

A Escola Infantil presta un servizo educativo encamiñado ao desenvolvemento integral dos seus usuarios a través dunha atención integral dos nenos e das nenas, tanto nos aspectos educativos, nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación e no Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, como nos aspectos de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario da escola, así como a xestión e a administración do centro baixo a coordinación da Deputación de Pontevedra. Este servizo responde tamén as necesidades das familias, contribuíndo á conciliación da vida laboral e persoal.

A prestación do dito servizo realízase de acordo coas modalidades previstas no artigo 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sendo a modalidade a de xestión indirecta, establecida a súa vez na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

A tipoloxía contractual establecida para a prestación deste servizo establece que é a Deputación de Pontevedra quen realiza a convocatoria anual de adxudicación de prazas e xestión da mesma en canto aos procedementos de novo ingreso e de renovación de praza, publicación de listas e resolución de reclamacións.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), no ROF Escola Infantil e na demais normativa aplicable, confecciónanse as presentes bases e a convocatoria con fundamento nas seguintes cláusulas:

BASES

Base primeira. Obxecto

O obxecto e ámbito de aplicación das presentes bases é, en consonancia co previsto no Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil Príncipe Felipe, desenvolver e levar a cabo a convocatoria anual para o acceso a Escola Infantil articulada mediante as presentes Bases de admisión dos nenos e nenas de 3 meses a 3 anos na Escola Infantil 0-3 anos de Centro Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra.

Nas presentes bases ven establecido o procedemento que se debe seguir no proceso de admisión así como o procedemento que propicie a renovación de prazas dos nenos e das nenas actualmente matriculados no presente curso escolar.

Base segunda. Persoas destinatarias das prazas

Poderán solicitar praza os pais, nais, tutores/as ou representantes legais dos nenos e nenas cuxas idades correspondan aos niveis de primeiro ciclo de Educación Infantil.



As solicitudes poderán ter a consideración de novo ingreso, ou solicitudes de renovación. En ambos casos, a admisión se rexerá polas presentes bases, debendo a persoa interesada presentar a correspondente solicitude de admisión no prazo ordinario da convocatoria.

Base terceira. Requisitos de adxudicación de praza

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatario ou adxudicataria de praza na Escola Infantil 0-3 Príncipe Felipe:

1. *Para as solicitudes presentadas dentro do prazo de admisión, requírese que o neno ou a nena xa naceu no momento de presentación da solicitude, e que teña como mínimo 3 meses de idade a 1 de setembro do curso escolar, salvo o previsto para o ingreso de fillas ou fillos das persoas traballadoras da Escola Infantil e da Deputación de Pontevedra que traballen a quendas (mañá e tarde).*

Non obstante do anterior, poderanse eximir do límite de idade dos 3 anos os nenos e as nenas con necesidades específicas de apoio educativo, de acordo coa normativa vixente.

2. *Para as solicitudes presentadas fora do prazo ordinario de admisión, distínguense dous supostos:*
 - a) *Solicitudes presentadas antes do inicio do curso escolar. Requirirán que na data do inicio do curso, o/a menor deberá ter cumpridos os 3 meses de idade, salvo o previsto para o ingreso de fillas ou fillos das persoas traballadoras da Escola Infantil e da Deputación de Pontevedra, que traballen en quendas de mañá e tarde.*
 - b) *Solicitudes presentadas durante o transcurso do curso escolar. Requirirán que o/a menor teña cumpridos os 3 meses de idade, á data da presentación da instancia no rexistro, salvo o previsto para o ingreso de fillas ou fillos das persoas traballadoras da Escola Infantil e da Deputación de Pontevedra, que traballen en quendas de mañá e tarde.*
3. *Que teña a súa residencia ou o lugar de traballo dun dos pais ou titor na Provincia de Pontevedra. Así como as familias cun neno ou cunha nena escolarizada que xustifiquen un cambio de domicilio e/ou de lugar de traballo á Provincia de Pontevedra.*
4. *Respecto daquelas familias que xa escolarizasen un fillo ou filla no mesmo centro, estar ao día no pagamento das cotas polos servizos recibidos na data de presentación da solicitude, tanto nos supostos de renovación de praza como de novo ingreso.*

Base Cuarta. Adxudicación das prazas

1. Adxudicación directa de prazas:

- 1.1 *As solicitudes de renovación dos nenos e/ou nenas escolarizadas durante o curso 2025/2026 terán dereito á reserva da praza, sen ser sometidos á baremación recollida nas*



presentes bases; necesariamente deberán de tramitar a correspondente solicitude e posterior matrícula nos prazos ordinarios.

En todo caso, non poderán acollerse á reserva de praza aqueles/as usuarios/as que non estean matriculados no inicio do prazo de presentación de solicitudes para o curso 2026/2027.

1.2 As dos fillos e fillas do persoal que preste servizo na Escola.

As persoas traballadoras da Escola Infantil, segundo o previsto no Convenio colectivo que é de aplicación (XII Convenio colectivo de centros de asistencia e educación infantil, publicado no BOE número 178, do 26 de xullo de 2019), poderán realizar a reserva de praza no curso obxecto desta convocatoria para os seus fillos e fillas. A dita reserva efectuarase no prazo de presentación de solicitudes e implicará a reserva da dita praza durante todo o curso escolar, independentemente do momento no que se incorpore a Escola o fillo ou filla.

1.3 As de nenas e nenos con irmán ou irmá con praza na Escola para o curso que se solicita a praza.

1.4 As dos fillos e fillas do persoal da Deputación de Pontevedra que traballe a quendas (mañá e tarde). A dita reserva efectuarase no prazo de presentación de solicitudes e implicará a reserva da dita praza durante todo o curso escolar, independentemente do momento no que se incorpore a Escola o fillo ou filla.

1.5 Nenos/as cuxos pais (os dous, ou un no caso de familias monoparentais debidamente acreditadas) estean traballando. O requisito de estar traballando será comprobado de forma que quede suficientemente acreditado.

1.6 Solicitudes para nenos e nenas nados de parto múltiple.

1.7 Solicitudes para nenos e nenas de familias numerosas ou monoparentais.

1.8 Solicitudes para crianzas de familias cuxo domicilio ou centro de traballo estea máis próximo á escola.

1.9 Solicitudes para nenos e nenas de irmás/irmáns de antigas persoas usuarias da escola.

1.10 Solicitudes para crianzas con asistencia a xornada completa fronte á solicitudes á media xornada.

Neste apartado un (1), no caso de que o numero de solicitudes supere o número de prazas existente, terán preferencia na adxudicación das mesmas, na orde establecida anteriormente – do criterio establecido dende o 1.2 ata o 1.10, someténdose os casos de que se trate á baremación regulamentada na base décimo primeira.



2. Adxudicación mediante o procedemento de baremación de solicitudes:

O restante das solicitudes non comprendidas nos supostos recollidos anteriormente, baremarase conforme o establecido nas presentes bases.

Base quinta. Lugar de presentación de solicitudes

- 1. As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.*
- 2. Opcionalmente, tamén poderán ser presentadas as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.*
- 3. Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).*
- 4. A solicitude terá que estar asinada por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio será necesaria a autorización do proxenitor que non presente a solicitude, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos os casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente.*

Base Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación da presente convocatoria no BOPPO. Se o último día de prazo é inhábil entenderase prorrogado ao seguinte día hábil.

Base Sétima. Comprobación de datos

- 1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:*
 - DNI/NIE das persoas solicitantes*
 - Certificación de residencia da persoa solicitante e de todas as persoas que integran a unidade familiar*
 - Certificación de nivel de renda relativo ao ano fiscal 2024 da persoa solicitante e de todas as persoas que integran a unidade familiar*
 - Certificado das percepcións da Renda de Integración Social de Galicia a data concreta*
 - Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade*
 - Datos de convivencia actual.*
 - Acreditación de familia numerosa.*
 - Certificación de demanda de emprego dos proxenitores con efectos do día anterior ao da*



publicación destas bases.

2. En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

3. Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Base Oitava. Documentación

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación, segundo corresponda e sempre que sexa de aplicación:

- 1. Relación das persoas integrantes da unidade familiar e comprobación de datos (Anexo I)*
- 2. Copia do libro de familia. No caso de renovación de matrícula, non será precisa a súa presentación.*

De ser o caso, as persoas solicitantes, deberán achegar a seguinte documentación:

- 1. No caso de que as persoas integrantes da unidade familiar suxeitas a tributación non contén coa declaración do IRPF do ano 2024, será imprescindible achegar un certificado de ingresos correspondentes ao ano 2024, expedido pola Axencia Tributaria, das persoas integrantes da unidade familiar.*
- 2. Documentación acreditativa de pensións procedentes do estranxeiro relativas ao exercicio fiscal do ano 2024.*
- 3. Informe acreditativo do ou da menor con necesidades educativas especiais. No caso de renovación de matrícula, non será precisa a súa presentación, salvo que houboesen variado as ditas necesidades.*
- 4. Acreditación de familia monoparental. No caso de renovación de matrícula, no será precisa a súa presentación se este documento está incorporado ao expediente da persoa menor, salvo que houboesen variado as ditas necesidades.*
- 5. Resolución xudicial do proceso de separación e divorcio ou convenio regulador de medidas paterno filiales correspondente.*
- 6. Informe de vida laboral no que se constate a situación de emprego dos proxenitores, actualizado con data do día anterior ao da publicación destas bases.*
- 7. Acreditación de familia numerosa. No caso de renovación de matrícula, no será precisa a súa presentación se este documento está incorporado ao expediente do/da menor, salvo que houboesen variado as ditas necesidades.*
- 8. Declaración responsable relativa á matrícula de irmá/s ou irmán/irmáns correspondente a cursos anteriores.*

A documentación presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a mostra do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.



En caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Base novena. Capacidade do Centro

A escola conta coa autorización de oito (8) unidades e centro quince (115) prazas distribuídas en:

- Dúas unidades 0-1 $8+8 = 16$ prazas*
- Tres unidades 1-2 $13+13+13 = 39$ prazas*
- Tres unidades 2-3 $20+20+20 = 60$ prazas*

No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os/as nenos/as poderán ser agrupados conforme á seguinte proporción:

- Grupos formados por nenos e nenas de ata 2 anos de idade: 1/10.*
- Grupos formados por nenos e nenas de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15.*

No caso de nova configuración de prazas en cada curso escolar de xeito permanente durante toda a xornada de atención educativa, se se configura unha agrupación 0-3, pedagoxicamente e co fin de traballar con grupos homoxéneos en idade, atenderase nesta agrupación exclusivamente ao alumnado de maior idade de 1 ano xunto cos de menos idade de 2 anos.

Cada curso escolar, segundo a demanda existente configurarase as aulas por idades, trasladando á dita información ao órgano competente.

Base Décima. Horarios

1. O centro permanece aberto en horario de 7:30h a 22:30 h., distribuíndose a prestación do servizo nas seguintes quendas:

- A quenda de mañá comprende de 7.30 h. a 18.00 h.*
- A quenda de tarde comprende de 14:30 h. a 22:30 h.*

3. No que se refire aos horarios de entrada e recollida, son os que seguen:



Quendas	Horario de entrada	Horario de recollida
Mañá	07.30 h. – 10.00h.	Establecerase en función do horario do xantar/descanso das persoas menores.
Tarde	14.30 h. – 16.00 h.	Establecerase en función do horario do merenda/cea e descanso dos e das menores, e en todo caso entre ás 21.00 h. – 22.30 h.

A estancia do alumnado non pode superar as 8 horas diarias, salvo causas excepcionais xustificadas nas que se poderá ampliar o dito horario.

3. O centro determinará o seu calendario e horarios de apertura e peche ao público en función da demanda existente e da necesaria conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a tales efectos se realizarán as correspondentes consultas as familias.

As familias son avisadas dos peches da escola mediante entrega de circular escrita no momento da solicitude de matrícula do seu fillo ou filla.

O horario de apertura e peche figurará no taboleiro de anuncios de cada centro e no RUEPSS.

Base Décimo Primeira. Valoración das solicitudes

A selección das solicitudes e a orde de admisión efectuaranse en función do establecido nas presentes bases. A todas as solicitudes recibidas aplicaráselles de ser o caso un procedemento de valoración, agás aquelas ás que se refire o punto un da base cuarta.

A puntuación total acadada conforme os criterios e valoración establecidos nestas bases decidirá a orde de admisión.

No caso de empate na puntuación final, cando o número de solicitudes sexa superior ao número de prazas ofertadas e cando a situación se produza entre as candidaturas á última praza ofertada no mesmo tramo de idade no centro, dita situación resolverase atendendo á maior puntuación obtida nos seguintes criterios, por orde de preferencia:

- 1.º Maior puntuación obtida por existencia de irmáns matriculados no mesmo centro.*
- 2.º Maior puntuación obtida no criterio de situación económica.*
- 3.º Maior puntuación obtida no criterio familia monoparental.*
- 4.º Maior puntuación obtida no criterio familia numerosa.*

No caso de que, despois de aplicar os anteriores criterios por orde de preferencia, persistise a situación de empate, resolverase esta situación aplicando o resultado dun sorteo público, que consistirá na extracción do nome dunha das persoas candidatas á praza dunha urna ou mecanismo similar onde previamente se introduciron os nomes de todas as persoas afectadas polo empate.



Base Décimo Segunda. Criterios de baremación e documentación acreditativa

Para a valoración e baremación das solicitudes presentadas para obter praza na Escola Infantil do CPF para o curso 2026/2027, atenderase a dous criterios: situación económica e situación sociofamiliar.

Para os efectos destas bases, considérase que a unidade familiar está integrada por:

- a) Os cónxuxes non separados/as legalmente ou as parellas de feito debidamente inscritas no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, e cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar se entenderá constituída polo pai, nai, titor/a ou representante legal e todos os fillos ou fillas que convivan con eles.*
- b) As fillas e fillos menores de idade, con excepción das e dos menores que, con consentimento das nais, pais ou persoas titoras, vivan independentemente.*
- c) As fillas e fillos maiores de idade dependentes.*

Nos casos de nulidade, separación ou divorcio, entenderase por unidade familiar a formada pola nai ou pai e todas as fillas e fillos que residan habitualmente cun ou co outro, que reúnan os requisitos anteriormente mencionados. En casos de custodia compartida, entenderase por renda da unidade familiar a das persoas que convivan no domicilio familiar indicado na solicitude e que cumpran os requisitos mencionados.

1. Situación económica

A situación económica acréditase cos seguintes documentos:

- Como documento básico, a copia da declaración do IRPF do ano 2024 de todos os membros computables da unidade familiar suxeitos a tributación.*
- No caso de que as persoas integrantes da unidade familiar suxeitas a tributación non contén coa declaración do IRPF do ano 2024, será imprescindible achegar un certificado de ingresos correspondentes ao ano 2024, expedido pola Axencia Tributaria, das persoas integrantes da unidade familiar.*
- De non contar xustificadamente cos datos esixidos nos dous apartados inmediatamente anteriores será necesario achegar xustificación de pensións non contributivas ou xustificación de prestacións sociais (RISGA, integración familiar, subsidios, axuda de emerxencia social, prestacións por filla ou fillo a cargo, axudas a emigrantes retornados) e, se é o caso, pensións procedentes do estranxeiro. Todos estes documentos corresponderanse co exercicio fiscal do ano 2024.*

Os ingresos da unidade familiar determinaranse sumando a base imponible xeral e a base imponible de aforro da declaración de renda conxunta ou, de ser o caso, a que resulte da suma das declaracións individuais dos membros da unidade familiar suxeitos a tributación. O importe anterior resultante dividirase polo número de membros computables da unidade familiar, obténdose así a renda anual per cápita. Para o cálculo da renda mensual per cápita dividirase entre doce (12).



A escala de baremación correspondente á situación económica, en función do IPREM vixente, é a seguinte:

- Inferior ao 30 % do IPREM: 8 puntos.
- Entre o 30% e inferior ó 50% do IPREM: 7 puntos
- Entre o 50% e inferior ó 75% do IPREM: 6 puntos
- Entre o 75% e inferior ó 100% do IPREM: 5 puntos
- Entre o 100% e inferior ó 125% do IPREM: 4 puntos
- Entre o 125% e inferior ó 150% do IPREM: 3 puntos
- Entre o 150% e o 200% do IPREM: 2 puntos
- Superior ao 200 % do IPREM: 1 puntos

2. Situación sociofamiliar

2.1 Situación laboral de ocupación:

- Situación de emprego da proxenitora: 7 puntos
- Situación de emprego do proxenitor: 7 puntos
- Situación laboral de desemprego da proxenitora: 2 puntos
- Situación laboral de desemprego do proxenitor: 2 puntos

2.2 Acreditación e valoración do criterio de *existencia de nenos e nenas menores de 12 anos de idade* na unidade familiar.

Para a valoración deste criterio consideraranse todas as persoas menores, sen incluír a persoa para quen se solicita praza, existentes na unidade familiar.

Esta valoración será de 1 punto por cada menor ata un máximo de 3 puntos.

2.3 Acreditación e valoración do criterio da condición de *familia monoparental*

A condición de familia monoparental acreditarase mediante certificado de recoñecemento de familia monoparental, ou aportando a correspondente declaración responsable conforme se está tramitando o dito certificado, e na que a persoa declara non convivir con outra coa que manteña unha relación análoga á conxugal.

A valoración deste criterio é de 3 puntos.

2.4 Acreditación e valoración do criterio da condición de familia numerosa.

A condición de familia numerosa acreditarase mediante certificado do dito recoñecemento, ou aportando a correspondente declaración responsable conforme se está tramitando o dito certificado.

A valoración deste criterio é de 3 puntos.



Base Décimo Terceira. Condicións xerais das prazas

Nas prazas da Escolas Infantil 0-3 do Centro Príncipe Felipe poderase optar por unha das seguintes modalidades de servizo:

- A. Atención educativa con comedor.*
- B. Atención educativa sen comedor.*

As nenas e nenos que teñan concedida praza sen servizo de comedor poderán facer uso deste servizo en días soltos comunicándoo previamente, como mínimo o día anterior para o que se solicita, na administración do Centro Príncipe Felipe.

Unha vez concedida a praza, esta manterase nas mesmas condicións durante todo o curso, salvo circunstancias sobrevidas debidamente acreditadas que xustifiquen a necesidade de modificación da opción elixida inicialmente, sempre e cando existan prazas dispoñibles.

No caso de haber elixido a opción de horario en quendas alternas, se durante o prazo de dous meses non se fai uso do mesmo e o neno ou nena permanece durante todo o período nunha mesma quenda, automaticamente se cambiará o horario a quenda da que se ven facendo uso no dito período. O cambio será comunicado o pai, nai, titor/a ou persoa representante do/a usuario/a.

No caso que, durante o prazo de dous meses non se faga uso do horario establecido na solicitude de admisión, asignaráselle o horario do que se ven facendo uso regularmente, todo isto dentro da quenda asignada. Para isto, realizarase no mes de novembro, e de xeito bimensual consecutivamente, a publicación das variacións que corresponda.

Base Décimo Cuarta. Prezos

As familias usuarias dunha praza na Escola Infantil 0-3 Príncipe Felipe aboarán mensualmente a cota que, en aplicación dos prezos públicos fixados no Acordo regulador de prezos públicos pola prestación do servizo da Escola Infantil que estea en vigor en cada curso segundo a renda per cápita de unidade familiar.

O prezo incluírá o mandilón, seguro escolar, axenda escolar, e material didáctico e xoguetes e será aboado na correspondente conta corrente fixada pola entidade encargada da prestación do servizo da Escola Infantil.

O pagamento do prezo público realizarase por adiantado nos primeiros cinco días posteriores á matrícula do/da menor.

Na presente convocatoria tomarase para o cálculo da cota a declaración do IRPF correspondente ao ano 2024.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicar aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.



Base Décimo Quinta. Criterios de subvencionalidade

A Xunta de Galicia ven fomentando a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano.

A gratuidade da atención educativa comprende o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, ós nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 horas e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

Quedarán excluídas das ditadas actuacións subvencionables as actividades extra (fóra do horario de atención educativa é dicir extraescolares) á atención educativa que supoñan un custe adicional e cuantificable para a escola infantil. A escola debe xustificar o custo adicional. Exclúese tamén o comedor escolar.

A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade.

A Xunta de Galicia fomenta a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano. No suposto excepcional e xustificado, de facer uso da escola por un período superior ao subvencionado deberá ser aboado polas familias.

As axudas polas altas que se produzan na Escola Infantil despois do día 1 do mes, serán aboadas pola Xunta na parte proporcional que corresponda dende o día da alta, correspondendo as familias o abono da diferenza que corresponda do prezo público.

En todo caso, haberá que estar ao que dispoña a Xunta de Galicia, na Orde que regula o procedemento de concesión da gratuidade da atención educativa dos/das nenos/as vixente.

Base Décimo Sexta. Escolarización de persoas menores con Necesidades Educativas Especiais

A admisión dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais dependerá dos recursos existentes na Escola Infantil (persoal, espazo, etc.) e das características concretas do neno ou nena.

Base Décimo Sétima. Publicacións de actos

A presente convocatoria será obxecto de publicación no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPACAP).

Segundo o previsto no artigo 45.1 b) da LPACAP, os sucesivos actos administrativos, entre os que se inclúen as relacións provisionais e definitivas de persoas excluídas e admitidas, serán obxecto de publicación, que producirá os efectos da notificación, a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e da páxina web (www.depo.gal).



Base Décimo Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda das solicitudes

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución que será ditada nos termos do artigo 21.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten a disposición unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite.

Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Base Décimo Novena. Información

Para os efectos de resolver dúbidas ou ampliar información da documentación a presentar, as persoas interesadas poderán dirixirse ao teléfono 986.804.100 (extensións: 41004, 41009).

Base Vixésima. Tramitación de expedientes de solicitude

1. Unha vez teñan entrada as solicitudes comprobarase que estas reúnen os requisitos recollidos nestas bases e verifícarase a existencia da documentación acreditativa.

A continuación, publicarase na sede electrónica da Deputación de Pontevedra e na páxina web, a correspondente listaxe, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles a contar dende a data de publicación para que, de ser o caso, a persoa interesada emende a solicitude. Con indicación de que, se non o fixera así, se terá por desistida da súa petición.

A inclusión da persoa usuaria na dita lista, non implicará a asignación de praza na escola.

A asignación de praza na escola, realizarase completando o procedemento previsto nas presentes bases, o cal require da publicación da lista definitiva de admitidos e posterior tramitación da matrícula.



2. *Aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos de aceptación establecidos na base segunda non serán baremadas e aparecerán na lista provisional como non aceptadas ou excluídas, indicando o motivo que xustifica a situación de non aceptación ou exclusión.*

3. *Ademais, poderase reclamar, en calquera momento, de forma motivada, todos aqueles datos e a súa debida acreditación documental que considere necesarios para a máis eficaz realización da súa función. A non presentación desta documentación requirida no prazo que se indique impedirá ter por acreditado o criterio ou criterios afectados e, en consecuencia, impedirá valoralos para os efectos de determinar a puntuación.*

Base Vixésima Primeira. Publicación da lista provisional de adxudicación de prazas

1. *Unha vez baremadas, no seu caso, as solicitudes e determinada a puntuación resultante de aplicar os criterios de baremo, publicarase a relación nominal de todas as persoas solicitantes que acadaron praza, por orde da puntuación total obtida e por tramos de idade.*

Formará parte desta lista provisional o alumnado que teña adxudicación directa de praza.

2. *A lista provisional de persoas adxudicatarias e non adxudicatarias de praza publicaranse na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na web www.depo.gal.*

3. *Na lista provisional aparecerán tamén, se fose o caso, as persoas que non acadaron praza vista a capacidade da escola, e as solicitudes non admitidas por incumprimento de requisitos.*

As persoas que non acadaron praza, formarán parte da lista de agarda única, a cal será obxecto de publicación con carácter mensual, se as circunstancias así o requiren.

Base Vixésima Segunda. Reclamacións á lista provisional de adxudicación de prazas

1. *As persoas solicitantes, que sexan excluídas ou omitidas, poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas contra a lista provisional de adxudicación de prazas no prazo de cinco (5) días a contar dende o día seguinte á publicación da lista.*

2. *De acordo coas garantías e límites da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listas provisionais coa puntuación desagregada dos criterios de baremo na Administración do CPF.*

Base Vixésima Terceira. Relación definitiva de adxudicación de prazas

1. *A estimación ou desestimación das reclamacións formuladas fronte ás listas provisionais, entenderase realizada a través das listas definitivas de persoas adxudicatarias e non adxudicatarias.*

2. *Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a resolución provisional, elaborárase unha proposta de lista definitiva para a súa aprobación polo órgano competente,*



procedendo de xeito posterior a súa publicación na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na páxina web da Deputación.

3. En base á dita proposta acordarase mediante Resolución Presidencial a relación de persoas admitidas na Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe para o curso 2026/2027, así como a de non admitidas e as causas da súa exclusión.

4. De acordo coas garantías e límites da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listas definitivas coa puntuación desagregada dos criterios de baremo na Administración do CPF.

Base Vixésima Cuarta. Recurso contra a resolución definitiva de adxudicación de prazas

Contra a resolución da entidade titular, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Presidencia da institución provincial no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de adxudicación de prazas no BOPPO (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado correspondente de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada lei.

A lista de adxudicación de prazas poderá consultarse na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na páxina web www.depo.gal.

Base Vixésima Quinta. Formalización da matrícula

1. Unha vez publicada a lista definitiva de adxudicación de praza, a persoa interesada deberá realizar a matrícula mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Cumprimento do modelo oficial que estará dispoñible na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra.
- b) Copia da cartilla de vacinación do neno ou nena que acredite o cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación.
- c) Copia da cartilla de seguridade social

Se non se realiza no prazo de dez (10) días dende a publicación de adxudicación da praza, desistirá da súa solicitude, a cal se arquivará sen máis trámites.

A escola entregará no momento do ingreso:

1. Resumo do regulamento de réxime interno do centro onde xa irá especificado o sistema de baixa no caso de falta de pagamento de cotas, de adxudicación de vacantes ó longo do curso escolar, o sistema de altas e baixas e de reserva de praza.
2. Escrito de confidencialidade dos datos conforme á lei Orgánica de Protección de datos
3. Listaxe do material de hixiene solicitado correspondente a cada aula.
4. Entrega do mandilón.



5. *Entrega da axenda física.*
6. *Autorizacións para cubrir polas familias sobre:*
 - *Alimentación e hixiene*
 - *Persoas autorizadas para a recollida do neno ou nena*
 - *Saídas fora do centro*
 - *Fotos ou vídeos de actividades internas.*

Respecto do Regulamento de Organización e Funcionamento e o Proxecto Educativo da Escola, as familias na solicitude de admisión, declararán responsablemente que son coñecedores do contido dos ditos documentos.

2.A matrícula presentarase preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

3.Opcionalmente, tamén poderá se presentada presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Para a presentación da matrícula, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

Base Vixésima Sexta. Lista de agarda

1. A lista de agarda formada polas solicitudes presentadas no prazo ordinario de admisión e que non obteñen praza, ordenarase segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.

Unha vez esgotada a lista de espera mencionada no parágrafo anterior, as prazas vacantes que se vaian producindo, serán cubertas segundo os niveis de idade, por rigorosa orde de entrada no rexistro da Deputación.

A actualización da lista de agarda, publicarase na Sede e na páxina web institucional durante a primeira quincena do mes que corresponda.

2. No caso de non formalizar a correspondente matrícula, no prazo previsto na base vixésima quinta, a vacante se ofertará á seguinte persoa da lista.

Base Vixésima Sétima. Baixas

1. Será causa de baixa na escola infantil:

- a) *O cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.*
- b) *A solicitude das persoas proxenitoras ou representantes legais.*
- c) *A falta de pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación desta polo procedemento administrativo de constrinximento, de acordo coa normativa en vigor de prezos públicos para a Escola Infantil.*



- d) *A comprobación de falsidade nos documentos ou nos datos achegados.*
- e) *A incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.*
- f) *A falta de asistencia inxustificada durante 1 mes, causará baixa automática do servizo aínda que sexan aboadas as cotas mensuais durante o dito período.*

2. As baixas motivadas polo establecido no punto 1. e) serán resoltas polo órgano competente unha vez oída a dirección do centro e realizado o trámite de audiencia da/das persoa/s interesada/s.

O prazo de resolución será de 2 meses desde o inicio do expediente. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución do órgano competente no prazo dun mes desde o inicio do expediente.

3. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución expresa.

Base Vixésima Oitava. Protección de datos persoais.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



4. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ADQUISICIÓN OU ADAPTACIÓN DE VEHÍCULOS DIRECTAMENTE VINCULADOS AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE SOCIAL (Expediente 2025077919)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria de subvencións a entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE:

- *Bases reguladoras aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno 2.35964, na súa sesión ordinaria do 16.01.2026*
- *Publicación no BOPPO núm. 13 do 21 de xaneiro de 2026*
- *Prazo de solicitudes: do 22 de xaneiro ata o 5 de marzo de 2026.*

1. OBXECTO

As bases teñen por obxecto regular o procedemento e aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións para a concesión de subvencións para investimento dirixidas a entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social no ano 2026.

2. FINANCIAMENTO, CONTÍAS E LÍMITES

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 26/231.2311.789.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a cincocentos mil (500.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder do 80 % do seu orzamento total nin superar en ningún caso os límites establecidos por liña. En caso de que o importe solicitado supere estes límites, non se terá en conta o exceso.

<i>Liñas de actuación</i>	<i>Importe máximo de subvención</i>
<i>1. Adquisición de vehículos novos, incluídos os de quilómetro 0</i>	<i>25.000,00 €</i>



<i>Liñas de actuación</i>	<i>Importe máximo de subvención</i>
2. Adquisición de vehículos de segunda man	15.000,00 €
3. Traballos de adaptación de vehículos	5.000,00 €

3. ENTIDADES BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, como titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nas áreas de inclusión, maiores e/ou discapacidade. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.*
- Ter sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por "delegación permanente" aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades.*
- Carecer de fins de lucro e ter finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.*
- Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*

4. GASTOS SUBVENCIONABLES E EXCLUSIÓN

Serán obxecto de subvención as actuacións relativas á adquisición ou adaptación de vehículos destinados a mellorar os servizos e programas prestados no ámbito dos servizos sociais e sociosanitarios.

As actuacións subvencionadas deberán estar executadas no exercicio de 2026 e ata o 31 de decembro de 2026.

- Gastos subvencionables:*



Consideraranse como tales aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

- 1. Adquisición de vehículos novos, incluídos os de quilómetro o.*
- 2. Adquisición de vehículos de segunda man.*
- 3. Traballos de adaptación de vehículos de titularidade da propia entidade.*

En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables os seguintes:

- Vehículos destinados a un servizo de transporte non complementario dos prestados nun centro ou programa propios da entidade.*
- Vehículos destinados a un servizo de transporte a terceiros como actividade económica.*

5. LIGAZÓNS RELACIONADAS

- **Procedemento en Sede Electrónica**

<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/181665304>

- **Bases reguladoras:**

<https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2026/01/21/2026003226>

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

5. DAR CONTA DA ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO POR PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA "+ BENESTAR" 2026-2030 E, DOS ESTABLECEMENTOS E PREZOS OFERTADOS (Expediente 2025009307)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da adxudicación e formalización do contrato por procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do Programa "+ BENESTAR" 2026-2030 e, dos establecementos e prezos ofertados (Expediente 2025009307), cuxo contido literal é o seguinte:



"DATOS DE INTERESE

- **Aprobación das Bases Reguladoras:** XG do 12 de decembro de 2025 modificadas na XG do 30 de xaneiro de 2026
- **Publicación no BOPPO:** prevista para febreiro de 2026
- **Prazo de solicitudes:** O prazo para a presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

1. CONTIDO

O programa caracterízase por ofrecer unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

2. LISTADO DE CONCELLOS COLABORADORES NO PROGRAMA

Consideraranse entidades colaboradoras todos os concellos recolleitos no anexo I.

As persoas interesadas poderán acudir ás entidades colaboradoras do seu ámbito territorial e solicitar asistencia para presentar as solicitudes.

Para o 2026 colaboran 59 concellos agás Dozón e Vigo. Como novidade Mondariz, Salvaterra de Miño e Bueu colaboran por primeira vez esta edición.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS

O programa "+Benestar" 2026 contará con 2.127 prazas. Poderán beneficiarse del as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1. Estar empadroadas na provincia de Pontevedra.*
- 2. Ter 55 anos ou máis.*
- 3. No suposto de ter menos de 55 anos, deberá darse algunha das seguintes circunstancias:*
 - Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou o certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.*



- *Posuír a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.*
 - *Ter aprobada a **resolución do programa individual de atención no que se recoñeza a condición de persoa coidadora doutra persoa con recoñecemento de dependencia a través do Sistema para a Atención e Autonomía á Dependencia (SAAD)**. Na súa falta, as persoas que non cumpran co anterior, deberán ter acreditado, polos servizos sociais comunitarios básicos do seu Concello, a necesidade dun respiro familiar.*
4. *Non sufrir ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
 5. *Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
 6. *Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.*

Acompañantes:

A persoa solicitante poderá ir acompañada doutra persoa coa cal desexe participar no programa, a condición de que esta cumpra todos os requisitos esixidos na data na que termine o prazo de presentación de solicitudes.

4. REXIME ECONOMICO

As 2.127 prazas ofertaranse nos seguintes termos:

- *2.097 de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100 euros do custo da praza (209.700,00 euros).*
- *30 de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400 euros do custo da praza (12.000,00 euros).*

*Poderán beneficiarse das prazas de **réxime especial** as persoas que cumpran os requisitos establecidos e sexan beneficiarias da **renda de inclusión social de Galicia (RISGA)**, **perceptoras de Pensión non Contributiva de Xubilación**, **perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV)** ou **acrediten estar en situación de risco e/o exclusión social** a través dos servizos sociais comunitarios básicos do seu lugar de residencia.*

Se non se cubren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.



5. XESTIÓN, EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de setembro de 2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "+ BENESTAR 2026-2030"

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 30 de setembro de 2025. Na mesma data, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30 de outubro de 2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas: - VIAJES HALCON, S.A.U. (NIF: A10005510).

A Xunta de Goberno na súa sesión do 26 de decembro de 2025 acordou adxudicar o contrato para a prestación do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2026-2030 a empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510) polos seguintes prezos e valores ofertados:

- Prezo unitario ofertado por persoa participante no Programa de pernoita para cada un dos 7 establecementos, categoría dos establecementos (estrelas) e tipoloxía (balneario/talaso) :

NOME DO ESTABLECEMENTO		Tipoloxía: Balneario o Talaso	Categoría do establecemento	PREZO UNITARIO POR PERSOA
1	Gran Hotel Talaso Sanxenxo	Talaso	4* S	434,00 €
2	Spa Carlos I Silgar	Spa	4* S	434,00 €
3	Talaso Hotel Louxo La Toja	Talaso	4* S	429,00 €
4	Hotel Spa Galatea	Spa	4*	405,00 €
5	Hotel Marina and Spa	Spa	4*	405,00 €
6	Hotel Spa Norat Torre do Deza	Spa	4*	399,00 €
7	Hotel Spa Norat O Grove	Spa	3*	377,00 €
8	Hotel Spa Nuevo Astur	Spa	3*	375,00 €



- Actividades complementarias a maiores das dúas esixidas. 5 actividades:
- Oferta de tratamentos complementarios de balde: 3 tratamentos de balde

Con data 6 de febreiro de 2026 formalizouse o contrato entre Halcón Viajes e a institución provincial.

6. PREVISION DE EXECUCION DO PROGRAMA

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicadas as prazas, a execución do programa será dende outubro de 2026 ata o 31 de marzo de 2027 en tempada baixa.

INFORMACION RELACIONADA

LICITACION NO PERFIL DO CONTRATANTE

https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma/buscadores/detalle!/ut/p/z1/LVJNb4JAEPotPexRdoqKtjcURBQjxYKyF7PAitvwFaDS-Ou7YtMoTcVokz3M7Lw3b3YeJniHSUZPPKY1zzOaYB_7ZLRXPf1FNZ_6YDi2DvLEGSmD2VqEgN2UfvCUn1mEN5hgEuapxINUOtCQVVKRl3XCaskz9a2pYR_BW1UgKBmteGyXeYhAjVKeqeup852zryC1KDzOGkkghCyfKPuBvp5OZ3MZxpu-BrKlua4yv4Qy3rYFt3SCjll4hhtHhS_8sD8deAvPVjamAWDOZ5rlPg7BkJUW3oF_xXcoulsnbUmXgnszkO4mgBeYxEkeiLWK_1SzoD-OMSnZgZWslN5LkT7WdVE9loDQNloUsSKXYpogiMVtWICAXXIlegiKMj_xLOSoR8Oan-hfnMe8qvHuJgVvQ6onjtjkwL6g2ob8CKD8woURq2mSMAQryjPtGrRuKdLF6bxcWoozP1ts26O--vAJIsMUfw!!/#Z7_AVEQAI930GRPEo2BR764FO30Go

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

6. DAR CONTA DA ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO POR PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2026 E, DOS ESTABLECEMENTOS E PREZOS OFERTADOS. (Expediente 2025009308)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da adxudicación e formalización do contrato por procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do Programa Lecer en Familia 2026 e, dos establecementos e prezos ofertados, cuxo contido literal é o seguinte:



"DATOS DE INTERESE

- *Aprobación das Bases Reguladoras en XG: 5/12/2025 (ACORDO NÚM. 2.35832)*
- *Publicación no BOPPO: previsión para marzo de 2026*
- *Prazo de presentación de solicitudes: O prazo para a presentación de solicitudes comezará o 1 de abril de 2026 e rematará o 15 de abril de 2026.*
- *Dotación: e cento setenta e nove mil cento sesenta e dous (179.562,00) euros, con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.*

1. CONTIDO

Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra : establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán ser beneficiarias todas as persoas integrantes dunha unidade familiar con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.

2. Ademais do anterior, os membros da unidade familiar que desexen participar, deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao por consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante e estar empadroados no mesmo domicilio. Exceptúase o requisito de empadramento no mesmo domicilio no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal, esixíndose neste caso que ambos domicilios (o do solicitante en situación de separación/divorcio e os outros membros da familia incluídos na solicitude) estean ubicados na provincia de Pontevedra.

Para os efectos destas bases, enténdese por unidade familiar a formada pola persoa ou persoas adultas, fillas e fillos ou maiores que convivan de xeito permanente ou temporal coa persoa solicitante.

Así mesmo consideraranse como integrantes da unidade familiar os menores en situación de garda con fins adoptivos ou en acollemento familiar pola persoa solicitante.

3. As persoas interesadas deberán reunir, ademais, os seguintes requisitos:

- 1) Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 2) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 3) Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.*
- 4) No caso de persoas con discapacidade con necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os coidados necesarios.*

Presentarase unha única solicitude por unidade familiar.



3. REXIME ECONOMICO

As 2.957 prazas ofertadas estarán repartidas nas seguintes modalidades:

- *2.907 prazas de réxime xeral: a Deputación subvencionará 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 euros para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que as e os menores de 3 anos irán de balde.*
- *50 prazas de réxime especial: a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.*

Poderán optar ás prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ou perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV).

Se non se cubren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

6. PROCEDEMENTO DE CONCESION

A concesión das prazas realizarase polo réxime de concorrencia non competitiva.

O procedemento de concesión, tanto para as prazas de réxime xeral (2.907) coma nas de réxime específico (50), levarase a cabo por sorteo a través de medios informáticos entre aquelas solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos, establecendo unha orde de prelación.

O sorteo será de carácter público, a data, lugar e hora serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra, incorporándose ao expediente a acta correspondente con identificación das persoas asinantes, entre as que se incluírá necesariamente o Xefe/a do Servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue, e a Xefa/e do Servizo de Benestar Social ou persoa en quen delegue, con identificación da metodoloxía e resultado do sorteo.

Realizado o sorteo, a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno, excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución do presidente.

O listado de adxudicación, e da lista de agarda, será único. Inicialmente adxudicaranse un máximo de 2.907 prazas de réxime xeral e 50 de réxime especial, garantindo sempre as prazas do réxime especial, e as demais solicitudes quedarán na lista de agarda. A relación de prazas adxudicadas, así coma a lista de agarda serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra. As prazas non cubertas polo réxime especial pasarán a incrementar as previstas para o réxime xeral no dobre do número de unidades de prazas non cubertas.

Non está permitido ceder a praza adxudicada a terceiras persoas.



7. XESTIÓN, EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do "servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa LECER EN FAMILIA 2026"

O anuncio de licitación de dito procedemento enviouse para a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea, con data 26 de agosto de 2025, resultando publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno na súa sesión do 19 de decembro de 2025 acordou adjudicar o contrato do servizo de "xestión, desenvolvemento e execución do programa LECER EN FAMILIA 2026" á empresa Viajes Halcón, S.A.U. (NIF: A10005510) polos prezos e valores ofertados:

- Prezo unitario medio ofertado por praza para a totalidade dos establecementos:

NOME DO ESTABLECEMENTO		CATEGORÍA DO ESTABLECEMENTO (Nº estrelas)	PREZO UNITARIO POR PRAZA
1	Nuevo Astur Complejo & Spa	3*	102,80 €
2	Hotel Carlos I Silgar Sanxenxo	4*	102,80 €
3	Gran Talaso Hotel Sanxenxo	4*	102,80 €
4	Hotel Spa Nanin Playa	3*	102,80 €
5	Hotel Spa Bosquemar	3*	102,80 €
6	Termas de Cuntis – Hotel Castro do Balneario	4*	102,80 €
7	Hotel Bienestar Moaña	4*	102,80 €
8	Hotel Coia	4*	102,80 €
9	Hotel Sercotel Tres Luces	3*	102,80 €
10	Hotel Pazo o Rial	4*	102,80 €
12	Hotel Val Convention	3*	102,80 €
13	Hotel Pontañas	3*	102,80 €
PREZO MEDIO UNITARIO POR PRAZA MAIORES DE 12 ANOS DA TOTALIDADE ESTABLECEMENTOS			102,80 €

O prezo unitario das prazas na totalidade dos establecementos resulta como segue:

Persoas maiores de 12 anos	Persoas de 3 a 12 anos (ambos inclusive)	Persoas de 0 a 2 anos
102,80 €* (50% do prezo de peronas > 12 anos)	51,40 €* (50% do prezo de peronas > 12 anos)	GRATUITAS

- Agasallo serigrafiado para as familias participantes: Oferta agasallo por valor de mercado igual ou superior a 3 euros.
- Oferta de establecementos con spa, talaso ou piscina termal: 3 establecementos
- Aumento do número mínimo de establecementos ofertados: 12 establecementos ou máis.
- Oferta de actividades complementarias: 2 actividades por establecemento ofertado.



- *Oferta concurso de fotografía para as familias con premio dunha estadía gratuíta nun dos aloxamentos propostos no programa.*

8. PREVISION DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicadas as prazas, a execución do programa abarcará dende outubro a decembro de 2026 e de xaneiro a marzo de 2027.

Con data 28 de xaneiro de 2026 formalizouse o contrato entre Halcón Viajes e a institución provincial.

INFORMACION RELACIONADA

LICITACION DO PERFIL DO CONTRATANTE

https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma/buscadores/detalle!/ut/p/z1/lVJNb4JAEPotPexRdogKtjcURBQjxYKyF7PAitvwFaDS-Ou7YtMoTcVokz3M7Lw3b3YeJniHSUZPPKY1zzOaYB_7ZLRXPf1FNZ_6YDi2DvLEGSmD2VqEgN2UfvCUn1mEN5hgEuapxINUOtCQVVKRl3XCaskz9a2pYR_BW1UgKBmteGyXeYhAjVKeqeup852zryC1KDzOGkkgghCyfKPuBvp5OZ3MZxpu-BrKlua4yv4Qy3rYFt3SCjll4hhtHhS_8sD8deAvPVjamAWDOZ5rlPg7BkJUW3oF_xXcoulsnbUmXgnszkO4mgBeYxEkeiLWK_1SzoD-OMSnZgZWslN5LkT7WdVE9loDQNIoUsSKXYpogiMVtWICAXXIlegiKMj_xLOSoR8Oan-hfnMe8qvHuJ9VvQ6onjtjkwL692ob8CKD8woURq2mSMAQryjPtGrRuKdLF6bxcWoozP1ts26O--vAjlSUFw!!/#Z7_AVEQA193oGRPEo2BR764FO3oGo

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

7. **DAR CONTA DA PUBLICACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA PROVINCIA ACTIVA 2026 (Expediente 2025076021)**

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da publicación das bases do programa PROVINCIA ACTIVA 2026 (Expediente 2025076021), cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE

- ***Aprobación das Bases Reguladoras:*** XG do 26 de decembro de 2025 (acordo núm. 5.35921)
- ***Publicación no BOPPO:*** 11 de febreiro de 2026



- **Prazo de solicitudes:** (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Do 12 de febreiro ao 11 de marzo de 2026

- **Xestión, execución e desenvolvemento:** expediente de contratación en tramitación

3. **CONTIDO**

Este programa, cun grande arraigo na provincia de Pontevedra desde a súa posta en marcha na década dos noventa, promove a participación de 160 entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia, a través das cales as persoas maiores de 50 anos realizan obradoiros temáticos para favorecer a participación e a cooperación social.

4. **ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Poderán beneficiarse do programa as entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra dalgunha das seguintes tipoloxías:

- *Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia como entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra dentro da área de maiores .*
- *Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións da Xunta, rexistradas na provincia de Pontevedra e clasificadas en actividades dirixidas a persoas maiores.*
- *Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas entre as anteriores.*
- *Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social dirixidas a persoas maiores de 50 anos.*

Non poderán participar no programa as entidades de iniciativa pública.

O alumando que realice o obradoiro deberá poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma e non presentará ningunha enfermidade, alteración do comportamento ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.

En cada obradoiro poderán participar entre 15 e 25 persoas como máximo (o número máximo de participantes por curso especifícase no catálogo).

Este programa está dirixido principalmente a persoas maiores de 50 anos de idade, polo que, para a súa realización, a entidade solicitante deberá acreditar antes do inicio de cada obradoiro que o 70% do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición. No caso contrario, o obradoiro non poderá realizarse.

Só se poderá solicitar un obradoiro por entidade. Así mesmo, os obradoiros terán unha duración de 30 horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana. A entidade solicitante poderá escoller que teñan lugar un ou varios días á semana ata completar o número de horas.



Cada Obradoiro terá un custo de sete (7,00) euros por participante, cantidade que deberá ser aboada de conformidade co establecido nas bases reguladoras do programa.

9. PROCEDIMENTO DE CONCESION

O procedemento de concesión será o de concorrencia non competitiva. En caso de que o número de solicitudes exceda o de obradoiros ofertados, desde a Deputación elaborárase a lista seguindo a orde de prelación que se detalla a continuación:

- 1) Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no RUEPSS como entidades de iniciativa social, dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra.*
- 2) Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións da Xunta, rexistradas na provincia de Pontevedra e clasificadas en actividades dirixidas a persoas maiores.*
- 3) Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas entre as anteriores.*
- 4) Outras entidades non recollidas nas categorías anteriores, excepto entidades específicas de mulleres e/ou igualdade.*
- 5) Entidades específicas de mulleres e/ou igualdade.*

A prelación dentro de cada grupo de entidades será por orde de rexistro de entrada das solicitudes.

Tendo en conta o anterior, cubriranse de forma inicial un máximo de 160 obradoiros e o resto das solicitudes quedarán en lista de agarda. En caso de que os obradoiros ofertados non se cubran, a institución provincial poderá ampliar a convocatoria inicial co obxecto de que as entidades beneficiarias poidan solicitar un segundo obradoiro.

En función do prezo por obradoiro que resulte da adxudicación poderán concederse un número superior de obradoiros ata esgotar o orzamento previsto para o programa.

As persoas maiores que sexan socias das entidades adxudicatarias terán preferencia na inscrición nos obradoiros. Se existisen prazas vacantes, poderán participar no programa persoas non socias, de acordo co procedemento establecido nestas bases.

10. REXIME ECONOMICO

Establécese unha contía consignada para este plan no ano 2026, douscentos sesenta e seis mil cincuenta e cinco euros con trece céntimos (266.055,13 €), con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.



11. PREVISION DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicados os obradoiros, a execución do programa prevese a partir do segundo trimestre do ano ata o 31 de decembro de 2026 como data límite.

INFORMACION RELACIONADA

BASES

<https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2026/02/11/2026004774>

CATALOGO

https://www.depo.gal/documents/37861/14599408/Provincia-activa-Catalogo-2026_GAL.pdf

- **BENESTAR NATURAL**

Plantas Medicinais

Cociña Saudable e Nutritiva para +50 (NOVO)

- **SAÚDE EN MOVEMENTO**

Pilates

loga

Ximnasia de Mantemento para Persoas Maiores

Movemento ao Aire Libre e Interacción co Medio Natural (NOVO)

- **EMOCIÓNATE**

Conservando a Memoria

Musicoterapia

Risoterapia

Mindfulness, Meditación e Xestión do Estrés (NOVO)

- **OUTRA VIDA**

Restauración de Mobles e Tapicería

Artesanía e Reutilización Creativa (NOVO)

Bricolaxe (NOVO)

CON RITMO!

Bailes de Salón

Pandeireta e Canto Popular



- **REDEIR@S (NOVOS)**

Informática Básica. Aprender a Utilizar o Ordenador. Aplicacións Móviles

Ciberseguridade e Redes Sociais. Boas Prácticas. Compras e Pagos En Liña

Certificado Electrónico, DNI Electrónico e Clave. Tramitación Electrónica

Fotografía e Vídeo co Móbil

CEREBRO ACTIVO (NOVOS)

Historias e Memoria Oral: Escribe o teu Legado

Debuxo e Expresión Creativa

Xogo e Diversión"

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

8. DAR CONTA DA PUBLICACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA +CONVIVENCIA 2026
(Expediente 2025079075)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da publicación das bases do Programa +CONVIVENCIA 2026, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE

Aprobación das Bases Reguladoras: XG do 23 de xaneiro de 2023 (acordo núm. 2.35977)

Publicación no BOPPO: 11 de febreiro de 2026

Prazo de solicitudes: (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Do 12 de febreiro ao 11 de marzo de 2026

1. CONTIDO

A institución provincial convoca por terceiro ano consecutivo o programa "+CONVIVENCIA", baseado en experiencias anteriores como "Coñece a túa Provincia" ou en "Ruta coa Depo", actividades que contan cun grande arraigo na provincia e que se veñen desenvolvendo desde hai máis de 20 anos, co obxectivo de crear espazos de participación para as entidades da provincia de



Pontevedra, onde poidan compartir experiencias e poñer en valor o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.

2. ENTIDADES DESTINATARIAS

Poderán solicitar estas axudas as seguintes entidades:

- *Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia como entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra.*
- *Asociacións ou federacións de maiores, de mulleres, veciñais e culturais non rexistradas na categoría anterior.*
- *Asociacións de nais e pais.*
- *Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social e así figure nos seus estatutos.*

Ofértanse de 250 actividades que poderán solicitar as entidades de iniciativa social, asociacións de mulleres, asociacións de maiores, asociacións veciñais e culturais e ANPAS, que teñan a sede social ou unha delegación na provincia de Pontevedra.

Tratándose dunha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as solicitudes resolveranse por orde de rexistro de entrada, entre aquelas solicitudes de reúnan os requisitos previstos na presente convocatoria.

3. GASTOS FINANCIABLES

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada tales coma:

- *Custos de entradas ou similares*
- *Gastos de medios de transporte*
- *Gastos de axencias de viaxes*
- *Gastos de guías oficiais de Galicia (<https://aei.turismo.gal/es/rexistro-de-empresas-e-actividades-turisticas>)*
- *Gastos de seguros necesarios para o desenvolvemento da actividade*
- *Gastos de restauración e/ou catering que non poderán exceder do gasto subvencionable (máximo 600 euros).*

4. PROCEDEMENTO DE CONCESION

O procedemento de concesión será o de concorrencia non competitiva entre todas as asociacións sen fins de lucro que presenten a correspondente solicitude en forma e prazo. En caso de que o número de solicitudes exceda o de actividades ofertadas, desde a Deputación elaborárase a lista seguindo a orde de prelación que se detalla a continuación:



- *Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no RUEPSS da Xunta de Galicia como entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra.*
- *Asociacións/federacións de maiores, de mulleres, veciñais e culturais non rexistradas na categoría anterior.*
- *Asociacións de nais e pais*
- *Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social e así figure nos seus estatutos.*

A prelación dentro de cada grupo de entidades será por orde de rexistro de entrada das solicitudes.

Tendo en conta o anterior, concederanse de forma inicial un máximo de 250 actividades, e o resto das solicitudes quedarán na lista de agarda.

5. RÉXIME ECONÓMICO

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 26/231.2311.480.05 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a trescentos mil euros (300.000,00 €), que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

A contía máxima da axuda será de mil douscentos euros (1.200,00 €) por entidade, ata esgotarse o crédito orzamentario asignado para esta convocatoria. Non obstante, a contía efectiva concedida poderá axustarse durante a fase de xustificación, en función dos gastos realmente xustificadas polas entidades solicitantes”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce e cincuenta minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

